




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 CTP	Documento 21118103LR	
Código de verificación  076E 4L3R 2004 1608 0S84	Expediente 211/2024/691	
	Fecha 17-06-2024	

## BASES REGULADORAS PROGRAMA CORUÑA NO MAR 2024

### 1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a Convocatoria da Concellería de Deportes para os cursos e actividades correspondentes ao programa municipal “Coruña no mar”, que se desenvolverá no Concello da Coruña durante os meses de xullo, agosto de 2024.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), e taboleiro de edictos e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais. Así mesmo, poderase obter información no teléfono 981 189 800 e no de información da cidadanía 010.

Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

### 2. CURSOS E PREZO:

**2.1. Cursos:** As actividades do Programa “Coruña no Mar”, indicasen no cadro do **Anexo 1**, segundo a súa temporalidade.

#### 2.2. Frecuencia e prezo:

**2.2.1. CURSOS SEMANAIS** (de cinco días, de luns a venres):

**2.2.1.1.** Menores de 18 anos: 8,74€

**2.2.1.2.** 18 anos e Maiores de 18: 10,92€

**2.2.2. Bautismos no Mar: ACTIVIDADES PUNTUAIS** (dun día: mércores, sábado ou domingo): 8,73€

Estes prezos estarán regulados pola [Ordenanza Fiscal Nº15 - TAXA POLA PRESTACION DE SERVIZO EN INSTALACION DEPORTIVAS MUNICIPAIS](#)

### 3. PERSOAS DESTINATARIAS E NÚMERO DE PRAZAS

A convocatoria vai dirixida a toda a cidadanía do Concello da Coruña, atendendo ás franxas de idades e número de prazas dispoñibles para cada un dos cursos e actividades ofertadas no programa, segundo se establece no cadro do **Anexo 1**.



3.1. Serán **requisitos** para participar, por motivos de seguridade e imprescindible:

3.1.1. Saber nadar: deberá nadar polo menos 25m. sen material auxiliar e sen outro tipo de apoio. Realizarase unha proba o inicio do curso, no caso de no cumprir o requisito causará baixa automaticamente na actividade sen dereito a devolución das taxas.

3.1.2. Cumprir coa **idade mínima establecida** para cada curso ou actividade (segundo o cadro do Anexo 1) e considerando a referida á que o/a alumno/a debe ter a 31 de decembro do ano en curso.

## 4. EQUIPAMENTO E RECOMENDACIÓNS PARA PARTICIPANTES

4.1. Indumentaria: roupa e calzado deportivo, gorra e crema de protección solar. Para as actividades náuticas deberán levar traxe de baño, toalla e zapato náutico adecuado que suxeite o pé e antiescorregadizo.

4.2. Recomendacións: levar un pequeno bidón, cantimplora ou similar irrompible (non se admite de cristal) identificada co seu nome e unha pequena merenda se o considera necesario.

## 5. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

En todo caso terán preferencia as persoas empadroadas no Concello da Coruña.

5.1. **PREINSCRICIÓNS:** realizaranse os días **18 desde as 10:00h ao 20 de xuño de 2024 as 10:00h** a través do formulario en liña que se colgará na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes). Non se admitirán preinscricións por outros medios. Tendo en conta que os campamentos están dirixidos a menores de idade, serán os titores legais quen realice a solicitude, indicando a orde de preferencia das quendas.

5.1.1. Só poderá constar nunha única solicitude. **No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando de oficio con esta todas as feitas con anterioridade.**

5.1.2. Para as actividades dirixidas a menores de idade, serán os titores legais quen realice a solicitude, indicando a orde de preferencia das actividades.

5.1.2.1. Cada menor só poderá constar nunha única solicitude (individual ou familiar). **No caso de rexistrar para unha mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando de oficio con esta todas as feitas con anterioridade.**

5.1.2.2. No caso de menores **só poderán realizar a solicitude de preinscrición e a matrícula os/as titores legais ou custodios.** No caso de custodia compartida, os interesados deberán porse de acordo previamente; no caso de non acadar acordo, deberán remitirse ao Servizo de mediación de familia da Xunta de Galicia ou organismo competente, que será quen determine que custodio debe formalizar a solicitude e a matrícula.

5.1.3. **Solicitude familiar:** para colaborar na conciliación familiar, para aqueles que desexen optar á mesmo curso, deberán cubrir un único formulario de preinscrición no que reflectirán a todos os menores, coa condición de que sexan membros da mesma unidade familiar ou que demostren convivencia no mesmo domicilio. Neste sentido, no momento de formalizar a matrícula, deberán presentar o libro de familia ou xustificante de empadramento, segundo corresponda.



**5.1.3.1.** A solicitude familiar permite, nun mesmo formulario, a inscrición de ata 4 familiares. No caso de superar esta cifra deberá facelo noutro formulario correlativo se desexan optar á mesma quenda.

**5.1.3.2.** No caso de que se presenten solicitudes-formularios diferentes, non se garante a asistencia á mesma quenda.

**5.2. LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITANTES: 20 de xuño a partir das 14:00, publicarase a listaxe provisional de solicitantes.**

**5.3. SUBSANACIÓN DE ERROS:** Abrirase un prazo para a subsanación de erros dende a publicación da listaxe provisional de solicitantes e ata o 23 de xuño. As alegacións presentaranse por correo electrónico á dirección [programasdeportivos@coruna.gal](mailto:programasdeportivos@coruna.gal).

Durante o prazo de subsanación de erros non se permitirá o cambio de opcións de campamento nin se aceptarán novas solicitudes. Só se poderán emendar datos persoais consignados no formulario.

**5.4. LISTAXE DEFINITIVA PARA O SORTEO:** O 25 de xuño a partir das 10:30h publicarase a listaxe subsanada de solicitantes, se procede, coa indicación do número para o sorteo, que será asignado por orde cronolóxica de chegada en orde ascendente, atendendo á marca temporal.

**5.5. SORTEO:** Nos supostos en que existan máis solicitudes que prazas ofertadas, o 25 de xuño as 11:30h, e sempre con carácter posterior á publicación da listaxe subsanada, celebrarase un sorteo público para establecer a orde de adjudicación na páxina web <https://echaloasuerte.com> ou a través do procedemento de insaculación. Extraerase un número que establecerá o corte a partir do cal se adjudicarán as prazas.

**5.6. ORDE DE PREFERENCIA:** O número agraciado no sorteo, que establecerá o corte a partir do cal se adjudicarán as prazas. Para a orde de preferencia terase en conta:

- 1º As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- 2º A orde de preferencia da quenda indicada na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).

As persoas que non obtiveran praza neste proceso, pasarán a formar parte da listaxe de agarda.

**5.7. LISTAXE DE ADJUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAXE DE AGARDA:** O 26 de xuño de 2024 a partir das 19:00h, publicarase a listaxe de adjudicación de prazas e listaxe de agarda.

**5.8. FORMALIZACIÓN DAS MATRICULAS:**

**5.8.1. Para as actividades da quenda da 1ª semana de xullo:** do 27 ao 28 de xuño de 2024 de 08:15h. a 13:00h.

**5.8.2.** Para o resto das quendas: do 1 ata o 5 de xullo de 08:15h. a 13:00h.

**5.8.3.** No caso de non formalizar a matrícula nas datas indicadas entenderase de oficio que renuncia a praza solicitada.

**5.8.4.** Só poderá matricularse un só curso en primeira instancia. Unha vez finalizada a xestión de listaxe de agarda, poderá matricularse na queles cursos que teñan prazas dispoñibles.



**5.9. Xestión da listaxe de agarda:** do 8 ao 10 de xullo. Só haberá un único chamamento: todas as persoas que estean na listaxe de agarda, recibirán un correo electrónico indicando a disposición de prazas libres, as cales se adxudicarán por estrito orde de chegada ás oficinas ata acadar cas prazas no curso solicitado.

**5.10.** Unha vez rematado a xestión da listaxe de agarda, se quedan prazas libres, publicaranse na [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) ás prazas dispoñibles e datas de matrícula que serán adxudicadas por orde de chegada nas oficinas da Cidade Deportiva de Riazor.

**5.11.** Terán preferencia as persoas que concerten cita na web [www.citaprevia.coruna.gal](http://www.citaprevia.coruna.gal) ([cita previa](#)) e no seu horario. As persoas sen cita previa poderán acudir a matricularse nos horarios que queden dispoñibles.

**5.12. Documentación que debe acompañarse para a matrícula.**

- a) Fotocopia do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai, titor/a.
- b) Para persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse o documento legal que o acredite e o DNI de titor/titora.
- c) Documento de inscrición e matrícula.
- d) Só se procede: Informes médicos ou outros.

**5.13.** Enviaranse aos participantes por correo electrónico a información relativa ao desenvolvemento da actividade.

## 6. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**6.1.** Aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado: A formalización da solicitude de preinscrición e, se é o caso, da matrícula supón a aceptación das normas desta convocatoria.

**6.2.** Coa formalización da matrícula a persoa solicitante e, se é o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela e dispoña da devandita capacidade xurídica, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas. O SMD en caso de dúbida, necesidade de aclaración u outras incidencias relativas a esta convocatoria poderá comprobar de oficio os datos solicitados.

**6.2.1.** Aclarase que no caso de cumprir cas bases de está convocatoria non procederá a seu matrícula.

**6.3.** Coa presentación da solicitude e, se é o caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.

**6.4.** Se se desexa obter factura do pago, deberá marcarse a casa correspondente ao realizar a solicitude. A factura emitirase ao nome da persoa que faga a matrícula.

**6.5.** Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.

**6.6.** A convocatoria, bases reguladoras, as listaxes de solicitantes, as listaxes definitivas e o uso de instalacións publicaranse no taboleiro de edictos do Concello da Coruña, na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncio dos centros deportivos. Ademais, poderase obter información no teléfono 010 de atención á cidadanía.

**6.7.** Todas as datas que se indican nestas bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal



de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

- 6.8.** Se fose necesario comunicárase a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Será comunicado na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).
- 6.9.** O SMD por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos/quendas e -se fose necesario- deixalos sen efecto. Así como convocar de forma extraordinaria anexo co novos cursos e actividades que poidan incrementarse, estes anunciaranse na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e procedemento de matrícula extraordinario.
- 6.10.** Os/as participantes e, de ser o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou a súa tutela, coa formalización da matrícula declara responsablemente que se realizou o oportuno recoñecemento médico e non padece ningunha enfermidade que o incapacite para practicar actividade deportiva. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio sen dereito a devolución das taxas aboadas.

Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica deportiva deberá achegar informe médico dirixido ao SMD no momento da súa matrícula.

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa se poida atopar nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirle expresamente a achega do certificado médico ou documento equivalente.

- 6.11.** As persoas con discapacidade poderán solicitar praza, tendo en conta o seguinte:
- 6.11.1.** Son actividades grupais.
- 6.11.2.** As persoas que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude. A súa inclusión nas actividades será canalizada pola coordinación das EDM (oficina de coordinación no Palacio de Deportes de Riazor) procurando entre ambas as partes os recursos precisos para facilitar a práctica deportiva.
- 6.11.3.** En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.
- 6.12. Baixa na actividade:** no caso de querer causar baixa, deberase solicitar expresamente, por rexistro de entrada. Segundo o artigo 8 da dita ordenanza (OF 15): *“Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...”*
- 6.13.** Serán de aplicación a Normativa de uso das instalacións deportivas, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades. Aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de Xullo de 2007.
- 6.14.** O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- 6.15.** O Concello, a través da empresa concesionaria do contrato de servizos das EDM, dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufra un accidente durante a clase e como consecuencia de levar a cabo a actividade incluída na programación prevista. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta Administración de implantar unha práctica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.



**6.16.** Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña en calidade de Responsable de Tratamento con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, coa finalidade de xestionar a prescrición, rexistro e desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade do cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos pódense conservar, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Os seus datos serán comunicados a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro; entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local y profesionais ou entidades adxudicatarias da prestación do servizo. Para o caso de que a contratación implique o acceso do contratista a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante, aquel terá a consideración de encargado do tratamento, como se indica na disposición adicional vixésima quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**6.17.** O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, ou ben mediante solicitude na sede electrónica <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>, no seu caso poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos [delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal) ou presentar unha reclamación, se así o considera, ante a autoridade de control

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A xefa de Deportes  
María del Carmen Tapia Porto

Conforme  
O xefe de servizo de Deportes  
Pablo Castedo López



## ANEXO 1: CADRO DAS ACTIVIDADES CORUÑA NO MAR 2024

Cursos semanais (lu-ve)						
Actividade	Datas	Horas/Día	Ano de nacemento	Idades	Prazas	Localización
Vela Lixeira	1ª Quenda: 1 ao 5 de xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2007 e 2016	De 8 a 17 anos	12	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	1ª Quenda: 1 ao 5 de xullo	16:00 a 18:00h	2006 e anteriores	Máis 18 anos	6	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	2ª Quenda: 8 ao 12 de xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2007 e 2016	De 8 a 17 anos	12	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	2ª Quenda: 8 ao 12 de xullo	16:00 a 18:00h	2006 e anteriores	Máis 18 anos	6	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	3ª Quenda: 15 ao 19 de xullo	16:00 a 18:00h	Entre 2007 e 2016	De 8 a 17 anos	12	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	3ª Quenda: 15 ao 19 de xullo	16:00 a 18:00h	2006 e anteriores	Máis 18 anos	6	Club Marítimo Oza O Puntal
Vela Lixeira	4ª Quenda: 22 ao 26 de xullo	16:00 a 18:00h	2016 e anteriores	De 8 a 17 anos	12	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	4ª Quenda: 22 ao 26 de xullo	16:00 a 18:00h	2006 e anteriores	Máis 18 anos	6	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	5ª Quenda: 29 ao 2 de agosto	16:00 a 18:00h	2016 e anteriores	De 8 a 17 anos	12	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	5ª Quenda: 29 ao 2 de agosto	16:00 a 18:00h	2006 e anteriores	Máis 18 anos	6	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	6ª Quenda: 5 ao 9 de agosto	16:00 a 18:00h	2016 e anteriores	De 8 a 17 anos	12	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	6ª Quenda: 5 ao 9 de agosto	16:00 a 18:00h	2006 e anteriores	Máis 18 anos	6	Club Náutico Marina Coruña
Vela Lixeira	En preparación: próximamente convocarase as quendas.					Real Club Náutico A Coruña
Snorkel e Foto Subacuática	1ª Quenda: 1 ao 5 de xullo	12:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	6	Club do Mar de San Amaro
Snorkel e Foto Subacuática	2ª Quenda: 8 ao 12 de xullo	12:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	6	Club do Mar de San Amaro
Snorkel e Foto Subacuática	3ª Quenda: 15 ao 19 de xullo	12:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	6	Club do Mar de San Amaro
Snorkel e Foto Subacuática	4ª Quenda: 22 ao 26 de xullo	12:00 a 14:00h	2008 e anteriores	Máis 14 anos	6	Club do Mar de San Amaro



<b>Windsurf</b>	<i>1ª Quenda: 1 ao 5 de xullo</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	7	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>2ª Quenda: 8 ao 12 de xullo</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	7	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>3ª Quenda: 15 ao 19 de xullo</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	7	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>4ª Quenda: 22 ao 26 de xullo</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>5ª Quenda: 29 ao 2 de agosto</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>6ª Quenda: 5 ao 9 de agosto</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>7ª Quenda: 12 ao 16 de agosto</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>8ª Quenda: 19 ao 23 de agosto</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza
<b>Windsurf</b>	<i>9ª Quenda: 26 ao 30 de agosto</i>	17:00 a 19:00h	<b>2011 e anteriores</b>	Máis 13 anos	6	Base Náutica Praia de Oza

<b>Surf y afines: surf, paddel, body...</b>	<i>1ª Quenda: 1 ao 5 de xullo</i>	10:00-13:00	Entre 2010 e 2014	de 10 a 14 anos	12	Praia do Orzán
<b>Surf y afines: surf, paddel, body...</b>	<i>2ª Quenda: 8 ao 12 de xullo</i>	10:00-13:00	Entre 2010 e 2014	de 10 a 14 anos	12	Praia do Orzán
<b>Surf y afines: surf, paddel, body...</b>	<i>3ª Quenda: 15 ao 19 de xullo</i>	10:00-13:00	Entre 2010 e 2014	de 10 a 14 anos	12	Praia do Orzán
<b>Surf y afines: surf, paddel, body...</b>	<i>4ª Quenda: 22 ao 26 de xullo</i>	10:00-13:00	Entre 2010 e 2014	de 10 a 14 anos	12	Praia do Orzán

<b>Paddle Surf</b>	<i>5ª Quenda: 29 ao 2 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>Entre 2007 e 2014</b>	De 10 a 17 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>6ª Quenda: 5 ao 9 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>Entre 2007 e 2014</b>	De 10 a 17 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>7ª Quenda: 12 ao 16 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>Entre 2007 e 2014</b>	De 10 a 17 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>8ª Quenda: 19 ao 23 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>Entre 2007 e 2014</b>	De 10 a 17 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>9ª Quenda: 26 ao 30 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>Entre 2007 e 2014</b>	De 10 a 17 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>5ª Quenda: 29 ao 2 de agosto</i>	18:00 a 20:00h	<b>2006 e anteriores</b>	Máis 18 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>6ª Quenda: 5 ao 9 de agosto</i>	18:00 a 20:00h	<b>2006 e anteriores</b>	Máis 18 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>7ª Quenda: 12 ao 16 de agosto</i>	18:00 a 20:00h	<b>2006 e anteriores</b>	Máis 18 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>8ª Quenda: 19 ao 23 de agosto</i>	18:00 a 20:00h	<b>2006 e anteriores</b>	Máis 18 anos	6	Praia de Oza
<b>Paddle Surf</b>	<i>9ª Quenda: 26 ao 30 de agosto</i>	18:00 a 20:00h	<b>2006 e anteriores</b>	Máis 18 anos	6	Praia de Oza

<b>Bautismos no mar – actividais puntuais</b>						
<i>Actividade</i>	<i>Datas</i>	<i>Horas/Día</i>	<i>Ano de nacemento</i>	<i>Idades</i>	<i>Prazas</i>	<i>Localización</i>
<b>Kayak de Mar</b>	Sábado 6 de xullo	10:15 a 12:15h	<b>2012 e anteriores</b>	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro





# Concello da Coruña

<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 13 de xullo</i>	10:15 a 12:15h	<b>2012 e anteriores</b>	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro
<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 20 de xullo</i>	10:15 a 12:15h	<b>2012 e anteriores</b>	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro
<b>Kayak de Mar</b>	<i>Sábado 27 de xullo</i>	<i>10:15 a 12:15h</i>	<b>2012 e anteriores</b>	Máis 12 anos	10	Club do Mar de San Amaro

<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 10 de xullo</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 17 de xullo</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 24 de xullo</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 31 de xullo</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 7 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 14 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 21 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza
<b>Piragüismo</b>	<i>Mércores 28 de agosto</i>	16:00 a 18:00h	<b>2016 e anteriores</b>	Máis 8 anos	15	Base Náutica Praia de Oza

<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Venres 5 de xullo</i>	9:30 a 12:30h	<b>2015 e anteriores</b>	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña
<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Venres 12 de xullo</i>	9:30 a 12:30h	<b>2015 e anteriores</b>	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña
<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Venres 19 de xullo</i>	9:30 a 12:30h	<b>2015 e anteriores</b>	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña
<b>Pesca Fondeada</b>	<i>Venres 26 de xullo</i>	<i>9:30 a 12:30h</i>	<b>2015 e anteriores</b>	Máis 8 anos	8	Dársena da Mariña